

NOTA DE PRENSA CONCELLERÍA DE CULTURA CONCELLO DE CULLEREDO

COMEZO DO PROGRAMA DE ANIMACIÓN Á LECTURA INFANTIL NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE CULLEREDO.

O vindeiro xoves 30 de outubro terá lugar a primeira das actividades do Programa de Animación á Lectura Infantil das Bibliotecas Municipais de Culleredo para o curso 2008/2009 que se alongarán ata xuño de 2009 que inclúe moitas novidades dirixidas ao público infantil.

A primeira novidade, xa para este xoves, é a realización dun programa novo, o de “Concertos Didácticos” coa actuación do “Quinteto de vento Pentafonía”. Será o vindeiro xoves 30 de outubro ás 18:30 horas no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.

PROGRAMACIÓN INFANTIL:

A concellería de Cultura de Culleredo, a través das súas Bibliotecas Municipais, quere favorecer o achegamento dos nenos/as ao mundo dos libros, sempre dun xeito creativo, lúdico e placenteiro, coa programación dunha actividade deste tipo de carácter semanal durante o ano.

Está é a base sobre a que se organiza a Programación Infantil de actividades de animación á lectura, que comezará este xoves 30 de outubro, e que se desenvolverá ata o mes de maio, ás 18:30 horas da tarde. Unha programación estable con catro tipos de actividades diferentes: os talleres de contos, dirixidos a nenos /as de 4 a 8 anos, os contos en Inglés, para nenos de 4 a 10 anos, os contacontos, para nenos/as de 3 a 9 anos e os concertos didácticos de 4 a 12 anos. Só é necesaria a inscrición nos talleres de contos nas Bibliotecas Municipais do Burgo e Vilaboa ou no teléfono 981 66597. Son actividades totalmente gratuítas.

TALLER DE CONTOS:

Están destinados a nenos/as de entre 4 e 8 anos, sendo necesaria unha preinscrición.

Este ano están adicados a contos de distintos países do mundo, facendo unha aposta pola multiculturalidade.

Os talleres de contos serán impartidos por persoal das bibliotecas municipais e misturan os libros con actividades manuais, pintura, debuxo, etc.

Na Biblioteca “Miguel González Garcés” nop edificio de Servizos Múltiples do Burgo

ás 18:30 horas desenvolveranse os seguintes días cos respectivos contos:

NOVIEMBRE: 7

Mi luna, nuestra luna. Conto Iraní

DECEMBRO: 5

El pez chan. Conto Vietnamita.

XANEIRO: 16

El cóndor y las estrellas. Conto do Perú.

FEBREIRO: 6

Los 4 amigos. Conto Chino.

MARZO: 6

¡Que luva!. Conto popular ucraíno.

ABRIL: 3

El pez de oro. Conto Ruso.

MAIO: 8

Los zapaticos de rosa. Conto de Cuba.

Na Biblioteca “Xosé Cardeso Liñares” no Pazo de Vila Melania en Vilaboa, ás 18:30 desenvolverase os seguintes días cos respectivos contos:

NOVIEMBRE: 6

Mi luna, nuestra luna. Conto Iraní

DECEMBRO: 4

El pez chan. Conto Vietnamita.

XANEIRO: 15

El cóndor y las estrellas. Conto do Perú.

FEBREIRO: 5

Los 4 amigos. Conto Chino.

MARZO: 5

¡Que luva!. Conto popular ucraíno.

ABRIL: 2

El pez de oro. Conto Ruso.

MAIO: 7

Los zapaticos de rosa. Conto de Cuba.

CONTOS EN INGLÉS

Destinado a nenos/as de 4 a 10 anos, pretendendo por medio dunha contadora de contos titulada en Inglés achegar os nenos á lingua inglesa, obtendo un enorme éxito dende a súa implantación, realizándose esta actividades na Biblioteca “Miguel González Garcés” do Burgo ás 18:30 horas os seguintes días cos respectivos contos:

NOVEMBRO: 14
There was and old lady.
DECEMBRO: 12. Ás 17:30h.
Bear stays up.
XANEIRO:23
Dirty Bertie.
FEBREIRO: 20
The night Pirates.
MARZO: 13.Ás 19:00h.
The way back home.
ABRIL: 17
The ugly duckling.
MAIO: 15
Ketchup on your cornflakes

CONTACONTOS

Destinado a nenos/as de 3 a 9 anos, achegase o mundo dos contos por medio da dramatización, coa novidade este ano dunha nova contadora, este ano será Marisa Irimia.

Na Biblioteca “Miguel González Garcés” no edificio de Servizos Múltiples comezando a actividade ás 18:30 horas , desenvolvéndose nos seguintes días cos respectivos contos:

NOVEMBRO: 21
"A avoa Pepa e crocodilo que quería ser tren" e
"Un cuíño independente"
DECEMBRO: 19
"Xil Moniz" e "O barquiño de papel"
XANEIRO: 30
"A estrela de mazapán" e "A miña tía é verde"
FEBREIRO: 27
"Neve, reneve, requeteneve" e "O pirata naufragado"
MARZO: 27
"¿Onde está o nariz de Pinocho? e "Cinco patas"
ABRIL: 24
"A bruxa Corrocota" e "Mariseldiña"
MAIO: 22
"O día que o sol quedou durmido" e "Gran de millo"

Na Biblioteca “Xosé Cardeso Liñares” no Pazo de Vila Melania en Vilaboa, comezando ás 18:30 desenvolverase os seguintes días cos respectivos contos:

NOVEMBRO: 20

"A avoa Pepa e crocodilo que quería ser tren" e

"Un cuíño independente"

DECEMBRO: 18

"Xil Moniz" e "O barquiño de papel"

XANEIRO: 29

"A estrela de mazapán" e "A miña tía é verde"

FEBREIRO: 26

"Neve, reneve, requeteneve" e "O pirata naufragado"

MARZO: 26

"¿Onde está o nariz de Pinocho? e "Cinco patas"

ABRIL: 23

"A bruxa Corrocota" e "Mariseldiña"

MAIO: 21

"O día que o sol quedou durmido" e "Gran de millo"

CONCERTOS DIDÁCTICOS

Serán unha novidade na Programación das Bibliotecas Municipais para este ano.

Destinado a nenos/as de 4 a 12 anos, podendo asistir toda a familia, pretende achegar os usuarios máis novos ao mundo da música e dos instrumentos por medio de concertos didácticos impartidos por profesionais:

Na Biblioteca "Miguel González Garcés" no Edificio de Servizos Múltiples comezando a actividade ás 18:30 horas , co seguinte programa:

OUTUBRO: 30

Quinteto de vento

Pentafonía.

NOVEMBRO: 13

Quinteto Armonía.

Na Biblioteca "Xosé Cardeso Liñares" no Pazo de Vila Melania en Vilaboa, comezando ás 18:30, co seguinte programa:

NOVEMBRO: 21

Trio Corda.

DECEMBRO: 5

Cuarteto Alba.

CONCERTO DIDÁCTICO

“QUINTETO DE VENTO PENTAFONIA”

Este concerto terá lugar o xoves día 30 de outubro no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 18:30 horas. O Quinteto de Vento Pentafonía estará acompañado polo grupo de TITERES SEISDEDOS misturando a música clásica coa representación tetrala a través dos monicreques.

Tamén, como introdución e presentación dos instrumentos do concerto, vanse escoltar brevemente os temas principais do conto musical *Pedro e o Lobo*. Se o alumnado xa coñece esta obra poderá recoñecer as melodías e os instrumentos; se o conto á aínda descoñecido, esta breve presentación servirá de introdución ó seu descubrimento, que se fará a posteriori na aula de música.

O concerto está composto por varias obras, algunhas orixinais para quinteto de vento, outras adaptadas. En orde de aparición son as seguintes:

Troika..... Sergei Prokofiev
Hansel y Gretel..... Engelbert Humperdinck
O voo do moscón(adaptación)... Rimsky-Korsakov
Cantos Galaicos..... Simón Couceiro

Ó inicio do concerto haberá unha pequena introdución para mostrar os instrumentos que constituen o **QUINTETO DE VENTO**: frauta, oboe, clarinete, trompa e fagot. As melodías características no conto de *Pedro* e o *Lobo* do compositor Prokofiev servirán de presentación destes instrumentos, cada un deles identificado cun personaxe do conto:

Frauta..... paxaro
Oboe..... pato
Clarinete..... gato
Trompa..... lobo
Fagot..... avó

Agás o Fagot, todos os instrumentos están relacionados cun animal. Como o conto de *Pedro* e o *Lobo* é moi coñecido e utilizado na aula de música, é bastante probable que o alumnado xa coñeza estes instrumentos e as súas melodías, polo que só haberá que repasar un pouco os seus nomes, aparencia e sonoridade. No caso de non ser así, haberá que mostrar como mínimo algunha imaxe o fotografía de cada un dos instrumentos para recoñecelos e coñecer os seus nomes.

Seisdedos nace como unha sección de Títeres Viravolta, para montar pequenos espectáculos axeitados a rúa e a espazos reducidos (bares, escolas, etc.). Ata hoxe esta compañía

animada hoxe por Anxo García Fernández e que conta con distintos colaboradores produciu oito espectáculos:

“Dueto de fío”, “A media flor”, “Mantas non son cobertores”, “O Sacristán de Coimbra”, “O auto dos Reis Magos”, “Variatés”, “O cego dos Monifates” e “O galo Quirico e os seus amigos”.

Con eles recorreron toda a Xeografía Peninsular e participaron en distintas programacións do estado e Portugal e en Eventos como Festival Internacional de Santiago, Fira de Titelles de Lleida, Festival internacional de Títeres de Alicante ou o Festival internacional de Artistas de Calle de Valladolid

Culleredo, 24 de outubro de 2008.

O concelleiro de Cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez